



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE SANIDAD, POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDAD



**LO NORMAL PARA A SÚA IDADE É IR EN METRO
PARA QUEDAR COS SEUS AMIGOS E VOLVER
EN AMBULANCIA**

**A idade de inicio no consumo de alcohol é aos 13 anos
ISTO NON DEBERÍA SER NORMAL**

Cada día a idade de iniciación no consumo de alcohol empeza antes e con isto todos os seus riscos. E os menores son os maiores prexudicados. Entre todos podemos evitar que consumir habitualmente alcohol sexa algo normal.

Falar con eles hoxe evitará un mal trago mañá.

www.alcoholenmenoresnoesnormal.es



MINISTERIO
DE SANIDAD, POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDAD

A idade de inicio no consumo de alcohol é aos 13 anos

Consecuencias

O consumo de alcohol polos adolescentes produce graves efectos sobre a súa saúde física, psíquica e social ao non terse completado o seu desenvolvemento e aumenta a probabilidade de ser dependente do alcohol na idade adulta.

O cerebro dos adolescentes é espacialmente vulnerable aos efectos do alcohol. Nos últimos anos, numerosos estudos científicos demostran a asociación do consumo de alcohol e o dano cerebral nos adolescentes.

A falta de madurez psicolóxica, propia da adolescencia, dificulta o manexo de moitas sensacións e efectos que produce o consumo de alcohol. Diminúe a atención, a capacidade e o tempo de reacción e dificulta a toma de decisións.

Prodúcense actitudes violentas, agresións, alteracións das relacións familiares, cos amigos, mestres, compañeiros, problemas cos estudos, facilita condutas de risco como a utilización de vehículos, como condutor ou pasaxeiro, depois de ter inxerido alcohol ou relacións sexuais non seguras que provocan embarazos non desexados e enfermidades de transmisión sexual.



ISTO NON DEBERÍA SER NORMAL

Todos podemos axudar para evitar o consumo de alcohol en menores

Asumindo que é problema e responsabilidade de todos.

Cambiando a actitude permisiva e facilitando un contorno social favorable ao NON consumo de alcohol.

Entrenando aos nosos adolescentes na toma de decisións responsables.

Falar con eles hoxe evitará un mal trago mañá.

Nos menores o consumo cero debería ser o normal

¿SABÍAS QUE?

- O consumo de alcohol adoita iniciarse en España a arredor dos 13 anos.
- Na actualidade o alcohol está moi presente no tempo libre e nas relacións sociais da mocidade.
- O 75,1% dos adolescentes de entre 14 e 18 anos consumiu alcohol algunha vez na súa vida.
- 6 de cada 10 adolescentes emborracháronse algunha vez na súa vida e 1 de cada 3 fíxoos nos últimos 30 días.
- O número de rapazas que consume alcohol e se emborracha é superior ao dos rapaces.
- Os rapaces beben máis cantidade de alcohol que as rapazas.
- A metade dos adolescentes españois non cre que consumir 4 ou 5 copas durante os fins de semana poida ocasionar problemas de saúde.
- En España, é moi elevada a porcentaxe de xóvenes e adolescentes que beben alcohol desde idades moi prematuras.